



## **ANEXO A PROGRAMACIÓN**

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA**  
**CURSO: 2019/2020**  
**MATERIA: VIOLA**  
**DEPARTAMENTO: CORDA PULSADA**  
**DATA: 5/5/2020**

**Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Mínimos esixibles.
2. Procedementos de avaliación e cualificación.
3. Criterios de cualificación.
4. Instrumentos de avaliación.
5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)
6. Información e publicidade.

## **1. Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para todo o alumnado serán os reflectidos na programación de viola para as dúas primeiras avaliacións

Ver:

[http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programacion\\_Viola\\_19-20.pdf](http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programacion_Viola_19-20.pdf)

Os mínimos esixibles reflectidos na programación de viola para a terceira avaliación, serán obxecto de estudo no vindeiro curso.

## **2. Procedementos de avaliación e cualificación**

Observación da actividade desenvolvida na terceira avaliación ou nas actividades de recuperación propostas mediante a gravación de vídeos, vídeo chamada ou calquera outro medio telemático.

O alumnado coa segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de maneira continua, realizará unha proba individual, para a que será convocado por correo electrónico e a través de Centros net. A cualificación final do curso será a obtida nesta proba (esta realizarase telemáticamente e polo mesmo medio polo que mantivo o contacto dende a suspensión das clases presenciais).

## **3. Criterios de avaliación e cualificación**

Empregaranse os que constan na programación, exceptuando os criterios de avaliación e de cualificación que supoñan actividades presenciais.

Alumnado coa segunda avaliación aprobada:

- A nota da terceira avaliación e cualificación final será a media aritmética entre as notas da primeira e da segunda avaliación, sempre que o resultado non sexa inferior á nota da segunda avaliación; neste caso manterase a nota da segunda avaliación.

- A cualificación final poderá aumentarse en función das actividades desenvolvidas polo alumnado na terceira avaliación, o que poderá supor un aumento de ata 2 puntos na nota final.

Alumnado ca segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de maneira continua:

- A cualificación final será o resultado da proba individual á que fai referencia o apartado 2.

#### **4. Instrumentos de avaliación**

Métodos telemáticos: videochamadas, gravacións de video, etc.

#### **5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para o alumno (apdo. 6.2. das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia).

#### **6. Información e publicidade**

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 4	CENTRO: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA • CURSO:2019/2020 MATERIA: ARPA
--	---------------	---

